

# ANEXO IV

## PROXECTO LINGÜÍSTICO

# **PROXECTO**

# **LINGÜÍSTICO**

**2019-2023**

**CPI DE XANCEDA**

**MESÍA**

# ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

MARCO LEGISLATIVO

SITUACIÓN SOCIO-LINGÜÍSTICA DO CENTRO

- DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR
- MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA GARANTIR OS OBXECTIVOS DE FOMENTO DO PLURILINGÜISMO

OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- OBXECTIVOS
- LIÑAS DE ACTUACIÓN

**ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO**

# PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

## INTRODUCCIÓN

A linguaxe como capacidade específica do ser humano é o xeito principal de comunicarnos. A aprendizaxe de distintas linguas potencia a comunicación entre nós. Partindo do idioma que nos é propio, buscaremos o dominio das dúas linguas cooficiais de Galicia, como obxectivo final destas etapas educativas. Tamén debemos potenciar e fomentar as aprendizaxes doutras que nos van enriquecer e que cada vez están máis presentes no noso medio.

## MARCO LEXISLATIVO

As bases lexislativas para a elaboración deste Proxecto Lingüístico de Centro son:

- Constitución española de 1978 que recolle a cooficialidade da outra lingua nas Comunidades autónomas con lingua propia, así como a protección e o respecto do pluralismo lingüístico da sociedade como patrimonio cultural.
- Estatuto de Autonomía de 1981, que no Artigo 5 recolle “A lingua propia de Galicia é o galego”; así como a protección que se lle debe aos valores culturais do pobo galego por parte da Administración (artigos 27, 31 e 32).
- A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia. Recolle así mesmo que se debe favorecer un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma galego ás novas esferas da vida social.

O artigo 14 indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia: “As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.” Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego. Neste sentido, é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca o centro.

## **SITUACIÓN SOCIO-LINGÜÍSTICA DO CENTRO**

O CPI de Xanceda está situado no concello de Mesía, no interior da provincia de A Coruña. No catálogo de centros figura como un colexio público integrado de 12 unidades.

A lingua predominante no contorno é a galega, sendo galegofalantes a inmensa maioría do alumnado así como as familias.

Entre o profesorado hai unha maioría que se expresa habitualmente en galego; algúns que o fan indistintamente en galego e castelán e unha minoría que usa unicamente o castelán como lingua habitual.

No referido ás comunicacións do Concello e ás entidades asociativas do contorno, a lingua empregada é o galego.

A lingua galega está presente na vida do centro nos distintos ámbitos:

-Administración: a actividade oficial e de relación coa administración faise sempre en galego(documentación interna, actas, avisos, convocatorias, arquivos...)

- Xestión académica e pedagóxica (planificación de actividades docentes, expedientes, boletíns de notas, proxectos, memorias..), en galego.

- Interaccións didácticas: o profesorado procura ofrecer un modelo lingüístico axeitado, usando correctamente a lingua que corresponde en cada área, tentando sempre manter unha actitude positiva e de respecto cara o galego, evitando estereotipos lingüísticos negativos que afecten ao prestixio social da nosa lingua.

Botamos en falta máis materiais didácticos en galego, tanto impresos como audio-visuais.

- Relacións familia-escola: as comunicación escritas fanse sempre en galego; as interaccións orais (entrevista, titoría de país, etc) están determinadas pola actitude lingüística de cada profesor/a. Sería un aspecto a mellorar.

O Decreto 124/2007 establece no seu artigo 14 o que debe ser o Proxecto lingüístico de centro (PCL). Referimos a continuación as actuacións específicas en cada un dos aspectos que deben ser incluídos.

### **a) DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR**

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, establece as referencias para cada etapa educativa.

#### Educación infantil

A lingua predominante é o galego. As estratexias empregadas para introducir o castelán serán de tipo lúdico, por seren as máis axeitadas para estas idades: cancións, adiviñas, xogos, etc.

## Educación primaria

As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.

Impartiranse en galego Ciencias naturais, Ciencias sociais e en castelán a materia de matemáticas.

Para o resto de materias estableceuse do xeito seguinte:

## EDUCACIÓN PRIMARIA

ASIGNATURA	1º	IDIOMA	2º	IDIOMA	3º	IDIOMA	4º	IDIOMA	5º	IDIOMA	6º	IDIOMA
PLÁSTICA	1H	CASTELÁN	1H	CASTELÁN	1H	CASTELÁN	1H	CASTELÁN	1H	CASTELÁN	1H	GAL./ING.
MÚSICA	1H	GALEGO	1H	GALEGO	1H	GALEGO	1H	GALEGO	1H	GALEGO	1H	GALEGO
ED. FÍSICA	2H	CASTELÁN	2H	CASTELÁN	2H	CASTELÁN	2H	CASTELÁN	2H	CASTELÁN	2H	CASTELÁN
RELIX /V.CÍV.	1H	GALEGO	2H	GALEGO	1H	GALEGO	1H	GALEGO	1H	GALEGO	1H	GALEGO
LIBRE CONF.						GALEGO	1H				1H	GALEGO
TOTALHORAS	5		6		5		6		5		6	

## EDUCACIÓN SECUNDARIA

DECRETO ESO LOMCE								
	1ºESO	HORAS	2ºESO	3ºESO	HORAS	4ºESO-B PDC	4ºESO-A	
ED. FÍS	GALEGO	2	-	GALEGO	2	-	-	
RELI	GALEGO	1	-	GALEGO	1	-	-	
VAL. ÉTIC	GALEGO	1	-	GALEGO	1	-	-	
TIT	CASTELÁN	1	-	CASTELÁN	1	-	-	
EPV	CASTELÁN	2	-	CASTELÁN	2	-	-	
MÚS	-	-	-	CASTELÁN	2	-	-	
L. CONF ORAT	CASTELÁN	1	-	-	-	-	-	
TOT HS CAST		4			5			
TOT HS GAL		4			4			

DECRETO ESO LOE								
	1ºESO	2ºESO	HORAS	3ºESO	4ºESO-B PDC	HORAS	4ºESO-A	HORAS
ED. CID	-	GALEGO	2	-	-	-	-	-
ED. FÍS	-	GALEGO	2	-	GALEGO	2	GALEGO	2
RELI	-	GALEGO	1	-	GALEGO	1	GALEGO	1
AT. ED.	-	CASTELÁN	1	-	GALEGO	1	GALEGO	1
TIT	-	CASTELÁN	1	-	CASTELÁN	1	GALEGO	1
EPV	-	-	-	-	-	-	CASTELÁN	3
MÚS	-	CASTELÁN	2	-	CASTELÁN	3	CASTELÁN	3
TOT HS CAST			4			4		6
TOT HS GAL			5			4		5

Sección bilingüe en inglés na materia de Música en 3º de ESO.

## **b) MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA GARANTIR OS OBXECTIVOS DE FOMENTO DO PLURILINGÜISMO**

Estas medidas estarán orientadas a garantir que, ao final da educación secundaria obrigatoria, o alumnado sexa capaz de interaccionar en ambas linguas adecuadamente nas situacións de comunicación fundamentais dos ámbitos escolar, social, cultural e profesional, que comprenda a diversidade de mensaxes orais e escritas con que se vai atopar ao longo da súa vida adulta, e que sexa quen de producilas, non só coa debida corrección lingüística, senón tamén con creatividade e adecuación ao contexto en que se realiza a comunicación. Entre estas medidas propoñemos:

- ✓ As contempladas na Orde do 20 de febrero de 2004, poa que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do extranxeiro, entre elas, a posibilidade de creación de grupos de adquisición de linguas.
- ✓ As establecidas no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en canto á exención da cualificación das probas de lingua galega.
- ✓ DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✓ As aportadas polo Departamento de Orientación (Anexo I)
- ✓ As establecidas nos currículos correspondentes as áreas lingüísticas de cada nivel educativo.
- ✓ Outras medidas específicas:
  - O alumnado que posúa un informe no que se indiquen as especiais dificultades ou carencias nalgún ámbito lingüístico, deberá recibir en lugar da segunda lingua estranxeira as medidas de reforzo que permitan achegalo ao nivel mínimo esixible nas competencias das linguas oficiais.
  - No caso de ser precisa, efectuarase a incorporación do alumno/a a agrupamentos flexibles en lingua galega e lingua castelán.
  - O alumnado con necesidades educativas específicas, traballará co profesor de P.T. e de A.L. na potenciación da comprensión lectora e no correcto uso das linguas oficiais.
  - O alumnado de PMAR intensificará a carga horaria no ámbito lingüístico.
  - Cando o alumnado presente graves carencias nas linguas oficiais, realizará un programa de inmersión lingüística, que será, en todo caso, simultáneo a escolarización nos grupos ordinarios, cos cales compartirá o maior tempo posible.

## **OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

### Obxectivos

- Optimizar o uso da lingua galega no centro.
- Procurar darlle máis prestixio, xeralizando o seu uso.
- Acadar unha maior implicación de toda a comunidade educativa neste proceso.
- Contribuir á dinamización lingüística do noso contorno, colaborando naquelas iniciativas das entidades culturais ou municipais que fomenten o galego.

### Liñas de actuación

#### **A) Centradas no uso do galego (a nivel oral e escrito)**

- **Aspectos visuais, documentais e de ambientación do centro**
  - Empregar sempre o galego en todos os documentos oficiais do centro, na documentación administrativa e pedagóxica, selos, convocatorias, avisos, notas informativas, correspondencia, boletíns de cualificacións, informes, etc.
  - Usar o galego nas relacións coas familias, o concello, asociacións, etc.
  - Ter en galego todos os rótulos e sinalizacións das distintas dependencias do centro, carteis, letreiros, etc.
  - Ter en galego a páxina Web do centro e promover, a través de diversos enlaces, a consulta doutras páxinas e recursos educativos en galego.
- **Comunicación e usos lingüísticos cotiáns orais**
  - Emprego da lingua galega por parte do profesorado nas conversacións co alumnado, as familias, o persoal non docente e cos membros da comunidade educativa en xeral.
  - Usar tamén o galego nos actos organizados polo centro (reunións, festivais, conferencias ...)
  - Empregar o galego na megafonía, nas actividades complementarias e extraescolares.



- **Fomento xeral do uso do galego**

- Achegar o galego ás novas tecnoloxías, promovendo o seu uso neste ámbito, utilizando ferramentas informáticas en galego, creación de blogs, aplicacións para móbiles, tablets, etc.
- Recompilar material informático en galego, co fin de que o profesorado poida dispoñer de enlaces e recursos na nosa lingua.
- Revisar e actualizar os fondos bibliográficos e a mediateca do centro, repoñendo o material deteriorado e adquirindo novidades.
- Difundir entre o alumnado as novidades musicais e culturais en xeral que van saíndo en galego (discos, videoxogos, películas, etc)
- Fomentar o galego en situacións diversas: xogos, competicións deportivas, actividades teatrais, musicais, etc.
- Seguir editando a revista *Na Escola*, coa colaboración de todo o alumnado.

## **B) Referidas á creación de actitudes positivas**

- Participar nas campañas que desde distintas institucións busquen o prestixio da nosa lingua e a xeralización do seu uso en todos os contextos.
- Organizar campañas orientadas á desaparición dos prexuízos lingüísticos.
- Diseñar carteis e slogans que normalicen o uso do galego en todos os ámbitos.
- Animar ao alumnado a achegarse ao inxente patrimonio que nos proporciona o idioma (literatura, tradición oral, música, cinema, teatro...)

Este documento foi aprobado en Claustro celebrado o 5 de novembro de 2019, e polo Consello Escolar con data 5 de novembro de 2019.

En Xanceda, a 6 de novembro de 2019

A Directora

A Secretaria

Asdo: María Sanjurjo Moar

Asdo: Concepción Cabanas Oubiña

**DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA**

**EDUCACIÓN PRIMARIA**

**1º**

<b>MATERIA</b>	<b>IDIOMA</b>	<b>HORAS</b>
<b>CCNN</b>	<b>GAL</b>	<b>2</b>
<b>CCSS</b>	<b>GAL</b>	<b>3</b>
<b>ED. ART</b>	<b>CAST</b>	<b>2</b>
<b>EF</b>	<b>CAST</b>	<b>2</b>
<b>LCL</b>	<b>CAST</b>	<b>4</b>
<b>LGL</b>	<b>GAL</b>	<b>4</b>
<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>CAST</b>	<b>5</b>
<b>RELIXIÓN</b>	<b>GAL</b>	<b>1</b>
<b>VALORES ÉTICOS</b>	<b>GAL</b>	<b>1</b>

**TOTAL GALEGO: 11**

**TOTAL CASTELÁN:13**

2º

<b>MATERIA</b>	<b>IDIOMA</b>	<b>HORAS</b>
<b>CCNN</b>	<b>GAL</b>	<b>2</b>
<b>CCSS</b>	<b>GAL</b>	<b>2</b>
<b>ED. ART</b>	<b>GAL</b>	<b>2</b>
<b>EF</b>	<b>CAST</b>	<b>2</b>
<b>LCL</b>	<b>CAST</b>	<b>4</b>
<b>LGL</b>	<b>GAL</b>	<b>4</b>
<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>CAST</b>	<b>5</b>
<b>RELIXIÓN</b>	<b>GAL</b>	<b>1</b>
<b>VALORES ÉTICOS</b>	<b>GAL</b>	<b>1</b>

**TOTAL GALEGO: 12**

**TOTAL CASTELÁN:10**

3º

MATERIA	IDIOMA	HORAS
CCNN	GAL	2
CCSS	GAL	3
ED. ART	GAL	2
EF	CAST	2
LCL	CAST	4
LGL	GAL	4
MATEMÁTICAS	CAST	4
RELIXIÓN	GAL	1
VALORES ÉTICOS	GAL	1

**TOTAL GALEGO: 12**

**TOTAL CASTELÁN:11**

4º

<b>MATERIA</b>	<b>IDIOMA</b>	<b>HORAS</b>
<b>CCNN</b>	<b>GAL</b>	<b>2</b>
<b>CCSS</b>	<b>GAL</b>	<b>2</b>
<b>ED. ART</b>	<b>GAL</b>	<b>2</b>
<b>EF</b>	<b>CAST</b>	<b>2</b>
<b>LCL</b>	<b>CAST</b>	<b>4</b>
<b>LGL</b>	<b>GAL</b>	<b>4</b>
<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>CAST</b>	<b>4</b>
<b>RELIXIÓN</b>	<b>GAL</b>	<b>1</b>
<b>VALORES ÉTICOS</b>	<b>GAL</b>	<b>1</b>
<b>REFORZO LGL</b>	<b>GAL</b>	<b>1</b>

**TOTAL GALEGO: 13**

**TOTAL CASTELÁN:10**

5º

<b>MATERIA</b>	<b>IDIOMA</b>	<b>HORAS</b>
<b>CCNN</b>	<b>GAL</b>	<b>2</b>
<b>CCSS</b>	<b>GAL</b>	<b>2</b>
<b>ED. ART</b>	<b>GAL</b>	<b>2</b>
<b>EF</b>	<b>CAST</b>	<b>2</b>
<b>LCL</b>	<b>CAST</b>	<b>4</b>
<b>LGL</b>	<b>GAL</b>	<b>4</b>
<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>CAST</b>	<b>5</b>
<b>RELIXIÓN</b>	<b>GAL</b>	<b>1</b>
<b>VALORES ÉTICOS</b>	<b>GAL</b>	<b>1</b>

**TOTAL GALEGO: 12**

**TOTAL CASTELÁN:11**

6º

<b>MATERIA</b>	<b>IDIOMA</b>	<b>HORAS</b>
<b>CCNN</b>	<b>GAL</b>	<b>2</b>
<b>CCSS</b>	<b>GAL</b>	<b>3</b>
<b>ED. ART</b>	<b>GAL</b>	<b>2</b>
<b>EF</b>	<b>CAST</b>	<b>2</b>
<b>LCL</b>	<b>CAST</b>	<b>3</b>
<b>LGL</b>	<b>GAL</b>	<b>3</b>
<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>CAST</b>	<b>5</b>
<b>RELIXIÓN</b>	<b>GAL</b>	<b>1</b>
<b>VALORES ÉTICOS</b>	<b>GAL</b>	<b>1</b>
<b>REFORZO LCL</b>	<b>CAST</b>	<b>1</b>

**TOTAL GALEGO: 12**

**TOTAL CASTELÁN:11**

ESO

1º

MATERIA	IDIOMA	HORAS
BX	GAL	4
EF	GAL	2
EPV	CAST	2
LCL	CAST	4
LGL	GAL	4
MATEMÁTICAS	CAST	5
RELIXIÓN	GAL	1
VAL. ET	GAL	1
XH	GAL	3

**TOTAL GALEGO: 15**

**TOTAL CASTELÁN:11**



<b>MATERIA</b>	<b>IDIOMA</b>	<b>HORAS</b>
<b>REFORZO LCL</b>	<b>CAST</b>	<b>1</b>
<b>EF</b>	<b>GAL</b>	<b>2</b>
<b>FQ</b>	<b>CAST</b>	<b>3</b>
<b>LCL</b>	<b>CAST</b>	<b>3</b>
<b>LGL</b>	<b>GAL</b>	<b>3</b>
<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>CAST</b>	<b>5</b>
<b>RELIXIÓN</b>	<b>GAL</b>	<b>1</b>
<b>MÚSICA</b>	<b>CAST</b>	<b>2</b>
<b>XH</b>	<b>GAL</b>	<b>3</b>
<b>TECNO</b>	<b>CAST</b>	<b>3</b>

**TOTAL GALEGO: 9**

**TOTAL CASTELÁN:17**

MATERIA	IDIOMA	HORAS
BX	GAL	2
EF	GAL	2
FQ	CAST	2
LCL	CAST	3
LGL	GAL	3
MATEMÁTICAS	CAST	4
RELIXIÓN	GAL	1
MÚSICA	CAST	2
XH	GAL	3
TECNO	CAST	2
EPV	GAL	2
VAL. ET.	GAL	1

**TOTAL GALEGO: 14**

**TOTAL CASTELÁN:13**

MATERIA	IDIOMA	HORAS
BX	GAL	3
EF	GAL	2
FQ	CAST	3
LCL	CAST	3
LGL	GAL	3
MATEMÁTICAS	CAST	4
RELIXIÓN	GAL	1
MÚSICA	CAST	3
XH	GAL	3
TECNO	CAST	3
CIENCIAS APLICADAS	GAL	3
VAL. ET.	GAL	1
TIC	GAL	3

**TOTAL GALEGO: 19**

**TOTAL CASTELÁN:19**